

Hai xa máis dun ano informabamos da constitución da mesa de Negociación da Universidade de Vigo, pola que no futuro pasarían todos os temas de carácter sindical que afectaran á Universidade. Paseño, fomos desenrolando consensuadamente as diferentes etapas (composición, regulamento de funcionamento, etc.) tentando comezar canto antes a desenvolver o traballo para o que a Mesa foi creada. Lamentablemente, nos últimos meses estamos a comprobar que o funcionamento deste órgano esta moi lonxe de acadar o resultado mínimo agardado, polo que decidimos redactar un número extraordinario do Boletín adicado unicamente a darvos conta do que foi acontecendo nas xuntanzas da Mesa e a nosa actuación na mesma.

En primeiro lugar, tres foron os temas de transcendencia tratados nestes meses :

- 1) Plano de incentivos para a xubilación.
- 2) Plano de promoción do PDI (cátedras).
- 3) Cómputo da carga docente básica.

1. Plano de incentivos para a xubilación.

Cunha urxencia, motivada segundo o equipo de goberno, pola necesidade de contar con datos fiables para elaborar os orzamentos, os representantes sindicais fomos convocados a unha xuntanza para debater a modificación do plano de incentivos para a xubilación. Sobre a proposta presentada tedes información detallada no boletín anterior. O relevante para o que nos ocupa agora é que foi presentada cunha celeridade tal que apenas tivemos tempo de reunirnos para facer unha avaliación. Aínda dese xeito, a AGPTU presentou na Mesa unha contraproposta na que as condicións se melloraban considerando os anos de servizo na Universidade de Vigo (un 1% máis por cada ano a partires dos vinte). Hai que dicir que a proposta non acadou apoio ningún, nin polo equipo de goberno nin por parte do resto de sindicatos (CIG apoiaba con pequenos matices a proposta, UXT pedía a retirada). Finalmente decidimos dar unha marxe de confianza ao equipo de goberno e aprobar a proposta, facendo constar por escrito a nosa opinión.

2. Plano de promoción do PDI e Cómputo da carga docente básica.

Aprobado o Plano de incentivos para a xubilación, tivemos coñecemento de que o seguinte tema a tratar na Mesa sería o Plano de promoción do PDI (basicamente, os criterios para acadar unha cátedra na Universidade para os acreditados). Desta volta na AGPTU aproveitamos que ocupamos a Presidencia e a Secretaría da Xunta de PDI para convocar unha xuntanza na que acordamos solicitar á Reitoría información previa da situación. Parte desta

información foi remitida, aínda que faltaba algo fundamental para avaliar calquera proposta: o informe do impacto económico que a saída dunha cátedra podía ter na Universidade.

Sen tempo a que o solicitáramos, fomos de novo convocados a unha xuntanza da Mesa de Negociación na que se trataría este tema e outro do que ata o momento non tivéramos noticia: os criterios de cómputo da carga docente básica. A convocatoria foi remitida con cinco días de antelación (o límite de acordo co regulamento) e a documentación coas propostas do equipo de goberno enviada un día despois. Aínda así aproveitamos novamente a nosa posición na Xunta de PDI para convocala con carácter de urxencia e acordamos co resto dos sindicatos un texto sobre ambos temas para defender xuntos na Mesa (o devandito texto foi remitido recentemente ao PDI). O día da xuntanza a Reitoría pareceu aceptar os nosos argumentos e adiar a decisión sobre os dous temas no entanto nós agardabamos recibir (e ter tempo de examinar) a documentación económica.

O compromiso foi incumprido sen explicación ningunha unha semana despois, cando sen ter recibido nova documentación fomos convocados a outra reunión da Mesa. Como probablemente sabía o equipo de goberno, a unidade sindical da vez anterior non foi tal desta volta (cunha CIG opinando que non era un mal plan e UXT dicindo que non a todo). A nosa postura foi a inicial: canto ao plano de promoción, aceptar a proposta como base para iniciar unha negociación real, co compromiso de tomar postura con celeridade unha vez dispuxéramos dos datos económicos.

Tamén, independentemente da cuestión económica, sinalamos algúns aspectos que nos parecían necesarios:

- Que o rectorado se comprometera a estudar un sistema de promoción ao corpo de catedráticos sostible permitira acadar os niveis da media das universidades españolas (somos a que menor proporción CU/TU temos en España) e axustar os desequilibrios existentes na actualidade entre ámbitos. Para o cal pediamos empezar xa coas xuntanzas.
- Dado que recoñecemos que a situación económica é difícil, nun período transitorio de dous anos aceptamos un plano un pouco máis restritivo, sempre que se faga constar un número mínimo de cátedras a convocar cada ano (no texto aprobado déixase "dependente da situación orzamentaria". Tamén puxemos en claro que, co texto actual, pode limitarse o acceso a cátedra a profesores de áreas que non acadan a proporción de 1 CU por 25% do profesorado estable (criterio de plantilla), mentres na mesma convocatoria poden acceder á cátedra profesores de áreas que xa exceden esa proporción (criterio B). Consideramos que isto agrava os desequilibrios existentes e propuxemos unha redacción alternativa.

Tocante ao tema da carga docente básica, parecíanos inaceptable que un asunto de tanta importancia puidera aprobarse sen que os sindicatos tivéramos nin sequera aviso de que se había de tratar. O resultado: os dous temas foron a Consello de Goberno tal e como a Reitoría os presentou.

Isto foi en liñas xerais o acontecido nestes últimos meses coa Mesa de Negociación. E chegados a este punto podemos tirar as seguintes conclusións:

1º) A unidade sindical entre os sindicatos maioritarios non existe. Comprobamos que a CIG adoita aceptar con matices as propostas da Reitoría, mentres que a UXT caracterízase por unha oposición frontal a calquera proposta.

2º) Esta falta de unión é aproveitada polo equipo de Goberno para o seu beneficio, aprobando sen cambios os planos que vai presentando.

Como conclusión, a Mesa de Negociación da Universidade soamente é, polo de agora, unha Mesa de información, onde os sindicatos recibimos documentación máis ou menos detallada sobre os asuntos que a Reitoría pretende levar ao Consello de Goberno. No caso de que a oposición non sexa unánime, ou haxa un mínimo grao de aceptación, como pasou co plano de incentivos para a xubilación, mesmo servimos moi ao noso pesar como apoio á Reitoría no Consello de Goberno. A situación é difícil de reverter tendo en conta a falla de unidade pola parte sindical, pero dende a AGPTU pensamos dar a batalla por darlle contido á Mesa de Negociación, para facer dela o lugar onde se NEGOCIEN os temas sindicais que afectan ao PDI da Universidade. Para rematar queremos deixar claro que non houbo acordo ningún na mesa de negociación sobre a proposta de cátedras nin sobre o documento de cálculo de docencia básica(CDB).

Polo de agora isto é todo. Coma sempre, despedímonos lembrándovos que tedes á vosa disposición o noso enderezo electrónico agptu@uvigo.es para poñervos en contacto con nós sobre calquera asunto que vos interese.

Saúdos e ata a próxima,

AGPTU - VIGO